

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación das bases do Banco municipal de libros de texto curso 2025/2026

EXPEDIENTE: 2025/D001/000008

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000396

Vista providencia da Alcaldía de data 20 de agosto de 2025 onde se solicita:

“(…)1º.- Que , pola técnica de educación, se elaboren as bases de mantemento e regulamento do Banco de libros de texto para o ano 2025/2026.

2º Que se informe pola técnica de educación as referidas bases de libros para a súa posterior aprobación continuando con la tramitación del expediente (...)”

Visto a informe favorable da técnica de educación, Dona Beatriz Camabas Lozano, asinado dixitalmente en data 20 de agosto de 2025, na que consta as seguintes bases:

“ASUNTO: Bases reguladoras do Banco municipal de libros de texto curso 2025/2026

1. Finalidade e fundamento legal

De conformidade co establecido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os Concellos teñen competencias propias en materia de participación na programación do ensino e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos.

O Concello de Carral, en exercicio destas competencias, e co obxectivo de colaborar coas familias no acceso á educación obrigatoria, establece o Banco Municipal de Libros de Texto.

O programa ten como finalidade:

- Favorecer a igualdade de oportunidades no acceso á educación.
- Reforzar a corresponsabilidade das familias no coidado e uso dos materiais.
- Fomentar valores de solidariedade e aproveitamento dos recursos mediante a reutilización de libros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Contribuír a reducir o esforzo económico que supón a adquisición anual de libros de texto, cuxo prezo experimentou un notable incremento nos últimos anos.

2. Ámbito de aplicación

Centros incluídos: CEIPP Vicente Otero Valcárcel, CEIP de Tabeaio e IES de Carral.

Cursos: 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria; 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Curso académico: 2025/2026.

3. Persoas beneficiarias

Poderán beneficiarse os alumnos e alumnas matriculados/as nos centros e cursos mencionados anteriormente, sempre que a solicitude sexa presentada polos seus proxenitores ou titores legais.

4. Requisitos

- Estar matriculado no curso 2025/2026 nalgún dos centros indicados.

5. Compatibilidade


A participación no Banco Municipal é compatible co fondo solidario de libros e coas axudas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou calquera outra se a houbera.

6. Solicitudes

Prazo: do 21 ao 28 de agosto de 2025 (ambos inclusive).

Lugar: Oficinas xerais do Concello, sede electrónica ou rexistros admitidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes poderán presentarse presencialmente no Rexistro xeral do Concello ata as 14:30 horas de dito día (28 de agosto), coincidindo co horario de atención ao público. Así mesmo poderán presentarse por medios electrónicos ata as 23:59 horas do mesmo día conforme ao artigo 30 da Lei 39/2015, de 1 de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


Documentación:

- Anexo I (solicitud e relación de libros),
- Anexo II (declaración responsable, informe servizos sociais, autorización e lectura e aceptación da política de privacidade).

7. Procedemento

O procedemento para seguir será o seguinte:

- 1. Presentación de solicitudes.
 - As familias interesadas presentarán a súa solicitude no prazo establecido, acompañada da documentación requirida.
- 2. Revisión de solicitudes.
 - O órgano instructor comprobará que as solicitudes cumpren os requisitos (matrícula en curso, documentación completa etc.).
- 3. Lista provisional a proposta do órgano instructor será aprobada polo órgano correspondente no taboleiro de anuncios electrónico unha lista provisional de admitidos e excluídos, indicando o motivo de exclusión ou corrección.
 - Os solicitantes dispoñerán de 10 días naturais para emendar defectos ou presentar alegacións.
- 4. Lista definitiva.
 - Unha vez valoradas as correccións e alegacións, o órgano instructor elevará proposta que será aprobada polo órgano correspondente e publicárase a lista definitiva de admitidos e excluídos nos mesmos medios (taboleiro de anuncios electrónico).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 5. Aplicación de criterios de repartición.

- Sobre a base da lista definitiva, o órgano instructor aplicará os criterios de prelación que se detallan nestas bases, para determinar a que solicitantes se lle adxudican libros e en que cantidade e elevarase proposta ao órgano de resolución para a súa aprobación

- 6. Resolución definitiva.

- A resolución de adxudicación publicárase no taboleiro de anuncios electrónico.

- Poñerá fin á vía administrativa, podendo interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

8. Criterios de repartición do banco municipal de libros de texto Curso 2025/2026

Motivación da orde de prelación:

A orde de prelación establecido nestas bases responde a criterios de solidariedade, equidade e complementariedade. En primeiro lugar, garántese a atención prioritaria ás familias en situación de vulnerabilidade acreditada polos Servizos Sociais municipais. En segundo lugar, recoñécese a corresponsabilidade das familias que colaboran co banco mediante a achega de libros. En terceiro lugar, complementáanse as axudas concedidas pola Xunta de Galicia, atendendo con prioridade a quen recibiu un maior número de libros, e finalmente dáse acceso ao resto de solicitantes segundo un criterio obxectivo de orde rexistral.


Orde de prelación:

En primeiro lugar:

Familias en situación de vulnerabilidade económica, acreditada mediante informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral.

- Terán prioridade absoluta na adxudicación de libros.

En segundo lugar:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Familias que prestasen libros ao Banco Municipal.

- Segundo o número de libros que prestaran de maior a menor cantidade.

En terceiro lugar:

Beneficiarios de axudas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

- Ordenaranse en función do número de libros concedidos, de maior a menor:

a) Beneficiarios de axudas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou préstamo de outra administración con 6 libros poderán completar ata o total necesario para o seu curso.

b) Beneficiarios de axudas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou préstamo de outra administración con 5 libros poderán completar ata o total necesario para o seu curso.

c) Beneficiarios de axudas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou préstamo de outra administración con 4 libros poderán completar ata o total necesario para o seu curso

d) Beneficiarios de axudas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou préstamo de outra administración con 3 libros poderán completar ata o total necesario para o seu curso

* En todos os casos, a adxudicación será ata cubrir o número de libros requiridos segundo o curso matriculado

Cuarto lugar:

- Resto de solicitantes.

- A súa orde de prelación determinarase pola data e hora de entrada no rexistro municipal.

En caso de empate, prevalecerá o asento rexistral máis antigo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

-Neste caso o reparto de libros, farase por unidaes seguindo o anterior criterio ata agotar as existencias.

Condición de dispoñibilidade:

En todos os casos, a adxudicación de libros quedará condicionada á existencia real de dispoñibilidade

9. Renuncia de libros adxudicados Curso 2025/2026

No caso de que, no momento da adxudicación, o solicitante adxudicatario renuncie a recoller a totalidade ou parte dos libros que lle correspondan conforme aos criterios de repartición, devanditos exemplares pasarán automaticamente a formar parte do Banco Municipal de Libros. Estes libros serán novamente ofertados e adxudicados a outros solicitantes seguindo estritamente o mesmo orde de prelación establecido nestas bases e dentro do proceso de repartición vixente

10. Número máximo de libros a adxudicar por curso

O número máximo de libros que poderá adxudicarse a cada solicitante estará determinado polo curso onde se atope matriculado o alumno/a

Dito número máximo, que se fixará en función das necesidades reais de cada curso escolar será o seguinte:

EDUCACIÓN PRIMARIA

EDUCACIÓN SECUNDARIA (ESO)/PDC

3º PRIMARIA----6 LIBROS

1º ESO----8 LIBROS

4º PRIMARIA----6 LIBROS

2º ESO----8 LIBROS

5º PRIMARIA----2 LIBROS

3º ESO---- 9LIBROS 3 PDC-----6 LIBROS

6º PRIMARIA----2 LIBROS

4º ESO----- 10 LIBROS 4 PDC-----5 LIBROS

* En ningún caso se poderán adxudicar mais exemplares dos indicados para cada curso, aínda existindo dispoñibilidade no Banco Municipal de Libros. A aplicación destes límites farase sempre consonte á orde de prelación establecida nas presentes bases.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

11. Disponibilidade real: a adxudicación queda condicionada á existencia de exemplares, podendo resultar inferior aos máximos previstos.

12. Entrega de libros.

Unha vez publicada a resolución definitiva de admitidos aos que se lles entregan os libros e a cantidade, os beneficiarios poderán recollelos no departamento de educación do edificio “Toñito Espiñeira”.

13. Obrigacións dos beneficiarios

- Usar adecuadamente os libros.
- Devolverlos ao finalizar o curso en bo estado.
- Repoñer os exemplares extraviados ou deteriorados.
- Aceptar expresamente estas bases na solicitude.

14. Verificación e control

Ao finalizar o curso revisarase o estado dos libros. As familias que non devolvan ou entreguen libros deteriorados deberán repoñelos para poder participar en cursos posteriores. **15. Modificación da concesión**

Calquera alteración nas condicións poderá dar lugar á modificación ou retirada da adxudicación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANEXOS I

BANCO MUNICIPAL DE LIBROS DE TEXTO

Centro Educativo:

Nome da nai/pai/titor/a _____ DNI/NIE _____

Domicilio _____ CP _____

Localidade _____ Provincia _____ Teléfono _____

Correo electrónico _____

Nome alumno/a _____ Curso _____

Lista de libros que presta:

Curso: _____ Nº de libros totais prestados: _____

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____

Solicitud de libros:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____

Sinatura: _____ Data: ____ / ____ / ____



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANEXO II

D/Dª _____

Como pai/nai/titor/a do alumno/a solicitante do Programa de Banco de Libros, comprométome a cumprir co estipulado nas Bases Reguladoras e a devolver os libros que recibo en calidade de préstamo en bo estado de conservación, ao remate do curso académico 2025/2026, de non ser así responsabilízome a repoiñer os danados, sendo coñecedor de que de non facelo así non poderei ser beneficiario do Banco Municipal de Libros de Texto nos vindeiros cursos.

DECLARO QUE RECIBÍN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN AXUDA PARA OS LIBROS DE TEXTO:

Cheque da Xunta de Galicia:

O Si O Non Importe: _____ €

Fondo de Libros da Xunta de Galicia:

O Si O Non Cantos libros:

O Si O Non Informe servizos sociais (adxúntase):

AUTORIZACIÓN

Autoriza a recibir información relativa a este servizo municipal a través da aplicación WhatsApp?:

SI NON

☐☐

Garde en contactos o teléfono móbil 678338872(educación) para poder recibir mensaxes de listas de difusión

Consentimento publicación de datos:

SI NON

☐☐

Autorizo ao Concello de Carral a publicar nos taboleiros informativos e web municipal as listaxes de admitidos e reservas co nome e apelidos do beneficiario

Consentimento imaxe :

SI NON consinto

☐☐

Concello de Carral e empresa prestadora do servizo, tomarán fotografías e vídeos no desenvolvemento das actividades con finalidade informativa e divulgativa(prensa, folletos, carteis, redes sociais, web municipal, etc)

Política de privacidade.- De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados neste formulario serán tratados polo Concello de Carral coa finalidade de poder xestionar a alta no Banco municipal de libros de texto. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, así como non ser obxecto de decisións automatizadas. Pode dirixir a súa petición ao enderezo postal Praza Campo da Feira, 1, 15175 Carral, ou ben a través do enderezo electrónico dpo@carral.es


- LIN E ACEPTO A POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Sinatura: _____ Data: ____ / ____ / ____

Carral, na data da sinatura que figura á marxe
A técnica de educación
Beatriz Cabanas Lozano

”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

En uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **PROPOÑO**:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases “**Banco municipal de libros de texto 2025/2026**” para regular o Banco municipal de libros de texto para o curso 2025/2026.

SEGUNDO.- Nomear como instructora do presente procedemento á técnica de educación dona Beatriz Cabanas Lozano

TERCEIRO.- Publicar o presente decreto que inclúe as bases do “Banco municipal de libros de texto 2025/2026” no taboleiro de anuncios electrónico deste Concello.

CUARTO.- Continuar coa tramitación do expediente

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria accidental
Asdo.- Sonia Campos Ares

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de 2 meses, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, da conformidade ante o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa.